

Braga'27
Capital Europea
da Cultura
Cidade Candidata

Convocatoria para proxectos artísticos

braga'27

Participacións abertas a
toda a Eurorrexión Norte de
Portugal—Galiza

Do 1 ao 30 de xuño

CORFINCIAMENTO



Universidade do Minho
Faculdade de Letras e Ciências Humanas
Centro de Estudos Galegos

+ info en
www.braga27.pt

I. Encadramento

Esta convocatoria ten como obxectivo recibir propostas de proxectos que podan ser incluídos no programa artístico e cultural da candidatura de Braga a Capital Europea da Cultura 2027. No caso que a cidade reciba o título, os proxectos seleccionados serán implementados como parte do programa oficial da Capital Europea da Cultura 2027. Diríxese a operadores culturais, institucións e artistas das rexións Norte de Portugal e Galiza. As propostas deben estar encadradas no concepto da candidatura de Braga – Time for Contemplation – e estar axustadas coa súa visión e programa artístico, como constan actualmente na versión do dossier de candidatura de preselección, que podes descargar aquí: <https://braga27.pt/apresentacao/#bidbook>

As candidaturas poderán presentarse entre o 1 e o 30 de xuño de 2022 a través deste link: <https://forms.gle/mckkHPBmMrQWUCWS7>

Que é Braga'27?

Braga'27 é o proceso de candidatura da cidade de Braga a Capital Europea da Cultura 2027. A Comisión Europea definiu que, en 2027, Portugal e Letonia van acoller a Capital Europea da Cultura. En 2020, o Ministerio da Cultura portugués lanzou un convite á presentación de candidaturas, no cal 12 cidades portuguesas participaron. Dese primeiro momento do proceso, resultou a escolla de 4 cidades que están agora na selección final: Braga, Aveiro, Évora e Ponta Delgada.

Braga e as outras cidades candidatas deben entregar un novo dossier de candidatura até o día 21 de outubro de 2022, onde o programa artístico para a Capital Europea da Cultura deberá aparecer de forma desenvolvida e máis consolidada. É deste programa que os proxectos seleccionados nesta convocatoria farán parte.

Coñece máis sobre Braga'27 aquí: www.braga27.pt

Quen pode participar?

Todas as persoas individuais ou colectivas, naturais, residentes ou con actividade nas rexións Norte de Portugal e Galiza, que presenten un proxecto cultural para a Braga'27 que se encadre no concepto da Candidatura de Braga - Time for Contemplation - e no seu programa artístico (que serán esclarecidos abaixo). Os proxectos deben reflectir as particularidades do territorio da Eurorexión mais tamén unha forte dimensión internacional, en particular europea.

Cando?

A convocatoria transcorre do 1 ao 30 de xuño de 2022.

Como?

Os proxectos deben ser enviados dentro da data prevista enchendo a ficha de proxecto que poñemos a disposición neste link: <https://forms.gle/mckkHPBmMrQWUCWS7>

Cada participante pode presentar até dous proxectos, mais só un poderá ser seleccionado.

As candidaturas deben ser presentadas en inglés, a lingua oficial deste proceso de candidatura. Non serán considerados, na avaliación e selección desta convocatoria, proxectos escritos noutras linguas.

Que proxectos serán incluídos na candidatura?

Unha candidatura a Capital Europea da Cultura ten na súa base un proceso de construción colectiva e participación activa dos axentes e comunidades dos territorios. A candidatura é executada por un equipo multidisciplinar responsábel da coordinación do proceso e de garantir a coherencia do concepto e dos proxectos que integran o programa artístico e cultural. Así, non basta ter un bo proxecto, é preciso que este responda á visión artística xa definida no ámbito da fase de preselección para a candidatura de Braga.

Como será feita a selección dos proxectos e cando serán comunicados os resultados?

As propostas recibidas nesta convocatoria serán avaliadas polo equipo de Braga'27 (coñece máis aquí > <https://braga27.pt/equipa-e-parceiros/>) que seleccionará como máximo entre 4 a 6 propostas. Os resultados da selección serán comunicados individualmente a todos os proponentes dos proxectos. Non serán partillados publicamente datos sobre os participantes desta convocatoria e, como tal, non será presentado un relatorio público. No final do período da convocatoria o equipo da Braga'27 entrará en contacto contigo, informando se o proxecto foi ou non seleccionado.

Cal debe ser o contido das propostas?

A elaboración e presentación das propostas deberán ter en consideración:

- Breve explicación do axuste da proposta co concepto da candidatura **Time for Contemplation**;
- Identificación do eixo de programación no cal a proposta se inscribe: Temple of empathy; Temple of wandering; Temple of awakening; Temple of creation;
- Sinopse do proxecto, coherente cos dous puntos anteriores, nunha linguaxe clara e simple, explicando:
 - en que consiste o proxecto e como se relaciona coas particularidades do territorio da Eurorrexión;
 - cales son as linguaxes e disciplinas artísticas en que asenta;
 - cales son os seus públicos obxectivo;
 - cal é o papel dos colaboradores (ver o punto abaixo) no desenvolvemento e implementación do proxecto;
 - de que forma o proxecto dialoga con outras manifestacións ou temáticas europeas (os parceiros internacionais abaixo mencionados deben reflectir ese diálogo).
- Calendario indicativo do proxecto, isto é, ano e mes de inicio e fin;
- Estimación orzamentaria global do proxecto;
- Breve currículo do proponente.

Que tipo de colaboracións deberan ser contempladas?

Dada a relevancia da dimensión colaborativa e internacional deste proxecto, as propostas teñen aínda de identificar con detalle socios ou colaboradores locais, nacionais e internacionais do proxecto. Facemos notar que non é suficiente indicar tipoloxías de colaboradores potenciais, estes deben ser identificados pola súa designación; e o proponente debe garantir que os socios ou colaboradores identificados foron contactados e confirman a súa intención de participación no proxecto, á data de envío da proposta no ámbito desta convocatoria.

As colaboracións propostas deben cumprir os seguintes criterios:

- Polo menos 2 colaboracións locais (Braga)
- Polo menos 2 colaboracións nacionais (Portugal)
- Polo menos 3 colaboracións europeas e/ou internacionais

Poderán presentarse proxectos en co-produción. Valoraranse os proxectos artísticos co-producidos por un proponente portugués e un proponente galego. Nestes casos, no formulario de candidatura, no campo do proponente, deben constar os nomes dos dous e a súa posición (promotor/co-promotor).

E se o meu proxecto é incluído na candidatura?

Todos os proxectos inseridos no programa da candidatura terán os seus autores e estrutura(s) promotora(s) debidamente identificados.

Cando sabemos o resultado final da candidatura de Braga a Capital Europea da Cultura 2027?

Até 21 de outubro de 2022 as catro cidades que están na selección final deben entregar o dossier de candidatura. En decembro de 2022, despois da avaliación por un xurado internacional composto por expertos nomeados por diferentes institucións europeas, será anunciada a próxima cidade portuguesa a recibir o título de Capital Europea da Cultura 2027.

Time for Contemplation

Concepto e estrutura do programa da candidatura

Co tema **Time for Contemplation**, a candidatura de Braga a Capital Europea da Cultura 2027 propón a promoción dunha reflexión a nivel colectivo sobre os desafíos da cidade e de Europa, reclamando a urxencia de ter tempo para pensar, contemplar o que nos rodea, para respirar fondo e só despois pasar á acción, actuando en sintonía coa arte, con comunidade, coa natureza, e con Europa.

O **programa cultural de Braga'27** é, así, fundado nunha estratexia sustentada por **catro piares** que denominamos de **Templos Contemporáneos**:

- O **templo da empatía** é a porta aberta da nosa cidade e do territorio. Un templo de benvidas, o noso primeiro paso para o diálogo e a inclusión, onde ninguén fica fóra. Os proxectos no ámbito deste piar desenvolven prácticas de colaboración que apelan a dinámicas de proximidade e de integración. Os artistas tórnanse mediadores do envolvimento comunitario e a empatía define o ton para enfrontar desafíos como a falta de masa crítica, o envellecemento ativo, o diálogo intercultural, a integración de minorías e a inclusión de cidadáns com doenzas e incapacidades mentais.
- O **templo de deambulación** é onde reconectamos os nosos corpos e as nosas mentes coa natureza, e, á súa vez, a natureza coa cidade. Como flâneurs, vagamos tanto polas paisaxes urbanas como naturais, encontrando novos camiños para as interconectar. Durante ese proceso, acordamos para a importancia que os nosos corpos asumen para o noso benestar físico e mental. Á medida que redescubrimos camiños antigos, a cidade que pensamos coñecer tan ben ábrese para revelar sorprendentes escondedoiros de contemplación.

- O **templo do despertar** é a ágora. Un lugar imaxinario de pausa, reflexión e debate. Xuntamente con artistas, investigadores e pensadores, os cidadáns aprenderán a importancia do pensamento crítico, superando obstáculos como a alfabetización dixital ou a idea de que a súa voz non é ouvida ou non é relevante. Un templo particularmente atento aos xoves e á comunidade escolar, mais que ten un lugar para todos na súa mesa redonda.
- Un **templo da creación** é o que queremos que Braga sexa en 2027 e despois. Unha plataforma para artistas que estimula as súas actividades profesionais e acolle creadores e axentes culturais da Europa e do mundo. Un templo para os cidadáns expresaren a súa creatividade e integraren a arte e a cultura na súa vida cotiá. E tamén unha cidade que contribúe para unha economía creativa europea máis forte.

Tes dúbidas?

Esclaréceas até o día 10 de xuño de 2022, neste e-mail: info@braga27.pt

braga'27

**Capital Europeia
da Cultura**
Cidade Candidata

Design by OOF

COFINANCIAMENTO

